

EYES WIDE SHUT

Stanley Kubrick, 1999

622

ESTREA EN NUMAX: 25.12.2019 | V.O.S.E. | +18

Eyes Wide Shut (1999, 159')

Dirección: Stanley Kubrick

Guión: Stanley Kubrick, Frederic Raphael (Novela: Arthur Schnitzler)

Elenco: Tom Cruise, Nicole Kidman, Sydney Pollack, Marie Richardson, Leelee Sobieski, Rade Serbedzija, Todd Field, Vinessa Shaw, Alan Cumming, Sky Dumont, Fay Masterson

Son: Paul Conway, Edward Tise

Fotografía: Larry Smith

Montaxe: Nigel Galt

Dirección de arte: John Fenner, Kevin Phipps

Vestuario: Marit Allen, Timothy Everest

Música: Jocelyn Pook

Produtora: Warner Bros, Stanley Kubrick Production, Hobby Films, Pole Star (Reino Unido)

Distribuidora: Park Circus

Formato de proxección: DCP2K, 1.33:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Globos de Ouro 1999 (Nomeado a Mellor Banda Sonora), César 1999 (Nomeado a Mellor Filme Estranxeiro)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

La chaqueta metálica, 1987

O resplandor, 1980

La naranja mecánica, 1971

2001: Unha odisea no espazo, 1968

¿Teléfono rojo? Volamos hacia Moscú, 1964

Lolita, 1962

Espartaco, 1960

Senderos de gloria, 1957

SINOPSE

William Harford é un respectábel médico neoyorquino cuxa vida parece ir moi ben: está casado cunha fermosa muller, ten unha filla e ten un traballo que lle gusta. Pero, ao día seguinte de asistir a unha festa, a súa muller Alice fálalle dunhas fantasías eróticas e de como estivo a piques de romper o seu matrimonio por un descoñecido. Abrumado por esta confesión, acaba entrando nun local, onde un antigo compañeiro lle fala dunha congregación secreta dedicada ao hedonismo e o pracer sen límites. A partir de entón un mundo dominado polo sexo e o erotismo se abre ante el.

«Fascinante, misteriosa, dura, agresiva, perturbadora, memorábel»

Carlos Boyero, EL MUNDO



EYES WIDE SHUT

Stanley Kubrick, 1999


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Os segredos das clases altas

Por Peter Bradshaw

Eyes Wide Shut é o fascinante testamento filmico de Stanley Kubrick, rematada pouco antes da súa morte en 1999 aos seus 70 anos de idade. A película adapta *Relato soñado*, novela de Arthur Schnitzler publicada en 1926 e orixinariamente embientada en Viena. O filme é un relato sobre a obsesión sexual entre membros da clase alta do Manhattan contemporáneo. Un dos primeiros valores do filme é o seu potencial satírico, o control formal e a suxestión onírica asociada a un certo sentido do absurdo que emana da solemnidade das escenas de sexo que compoñen a cerna do filme.

Tom Cruise interpreta a Bill Harford, un famoso doutor neoyorkino con clientela de alto standing e un estupendo apartamento en Central Park que está casado coa fermosa Alice (Nicole Kidman), directora dunha galería de arte que agora pasa case todo o tempo na casa coidando da pequena filla da parella. Tras unha convulsa festa na casa do acaudalado Victor Ziegler (Sydney Pollack) na que ambos consomen champán e marihuana e senten celos polos continuos coqueteos do outro,

Bill e Alice entran nunha forte liorta na que Alice confesa os seus pensamentos luxuriosos por unha persoa no pasado. Tras esta confesión, Bill emprende unha odisea nocturna na procura dunha aventura extramarital que remata nunha sinistra orxia de máscaras á que se accede murmurando o contrasinal *Fidelio*.

O título, *Eyes Wide Shut*, lévanme a preguntarme se está relacionado coa idea de que a transgresión sexual imaxinaria pode ser tan potente como a experiencia consciente e real. Nos sonhos ves as cousas con claridade, cos ollos ben pechados. No caso oposto temos os ollos de Malcolm McDowell abertos de par en par en *La naranja mecánica* (1971) obrigándoo a ver cousas terribes. Outros ecos visuais atópoos no misterioso baleiro dos vestíbulos e elevadores d'*O resplandor* (1980), tan discutidos polos críticos do seu momento, pero que ofrecen unha ollada alucinada sobre este espazo. A festa inicial de *Eyes Wide Shut* rima tamén coa d'*O resplandor* cando Alice coñece ao seu pretendente húngaro que mesmo podería ser unha pantasma.

A perturbadora escena da orxía, que ocupa a parte central do filme, impresiona e transtorna dunha maneira que me recorda ao terror dos filmes da Hammer. En 1999 Bret Easton Ellis, autor da novela *American Psycho*, levou esta noción de depravación entre as clases altas de Manhattan a uns niveis de crueza que fan que *Eyes Wide Shut* pareza un filme *light* ao seu carón. Porén, o que aínda hoxe resulta poderoso e

evocador no filme de Kubrick é a noción do segredo que rodea estas experiencias entre as clases dominantes. Esa mesma idea de espazos nos que os ricos e poderosos explotan a súa vulnerabilidade impregnan tamén *Reencarnación* (2004), infravalorada peza de Jonathan Glazer.

Outro elemento que eleva a fita é a actuación sincera e fervente de Tom Cruise e Nicole Kidman. Cruise en particular ábrese en corpo e alma nun papel no que o dá todo como actor. A gran pregunta é se as súas disputas reais de Cruise e Kidman como matrimonio tiñan algo que ver coas que vemos na pantalla. O seu divorcio dous anos despois da estrea de *Eyes Wide Shut* pareceron confirmar os comentarios de que a súa participación no filme puido acentuar os seus problemas. Por último, fica para a memoria a actuación do director Sydney Pollack facendo de home cínico e desilusionado no papel de Ziegler.

Publicado en theguardian.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Durante os case 50 anos que estivo en activo, Stanley Kubrick (Nova York 1928 - 1999) converteuse nun dos cineastas máis popular da historia, con obras tan aclamadas como emblemáticas en distintos xéneros: Histórico (*Espartaco*), bélico (*Senderos de gloria*, *La chaqueta metálica*), terror (*O resplandor*), ciencia ficción (2001). *Eyes Wide Shut* foi estreada meses despois do seu pasamento en marzo de 1999.

NA LIBRARÍA NUMAX

Relato soñado,
Arthur Schnitzler. Acantilado, 2012
Eyes Wide Shut,
Stanley Kubrick. Warner [DVD]
Le dernier rêve de Stanley
Kubrick, Axel Cadieux. Capricci, 2019

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondennumax